

Área: Económica

Circular nº 03 - Temp. 20/21

Dende a Federación Galega de Balonmán, detectamos que á hora de realizar as pagos por parte dos clubs, en numerosas ocasións, os conceptos e as cantidades emitidas teñen importantes defectos na forma e nos importes, que rematan ocasionando desaxustes contables, e consecuentemente unha maior inversión de tempo no control e supervisión das operacións. Por este motivo, nesta circular trataremos de aclarar todas as dúbidas que poidan xurdir con este tipo de trámites.

Protocolo transferencias bancarias á FGBM

➤ Fondo arbitral

O fondo arbitral foi acordado en Asemblea Xeral para evitar as diferenzas económicas que soportaban moitos clubs de Galicia pola súa localización xeográfica, supoñéndolles un gasto moi elevado en comparación cos clubs máis próximos ao lugar de residencia dos/as colexiados/as. Con esta medida tratase de fomentar a igualdade de gastos entre equipos da mesma categoría e que os clubs non desaparezan por falta de orzamento.

Ó repartirse o gasto de arbitraxes da competición entre todos os clubs participantes, conseguiuase reducir este agravio comparativo.

As tarifas acordadas do fondo arbitral para cada categoría pódense consultar no NOREBAGA de cada tempada.

Prazo límite de pago

Os débitos xerados en concepto de arbitraxes deberán aboarse coma moi tarde o mércores seguinte á xornada disputada, día que se reúne o Comité de Competición. Ex.: xornada 15-16 de agosto, o prazo remata o día mércores día 19 de agosto.

Forma de pago:

Ó comezo da semana, a Federación facturará tódolos partidos por xornada disputada. As facturas serán enviadas por e-mail e ademais, poderán ser descargadas dende a área privada de cada club.

Os pagos do fondo arbitral, realizaranse mediante transferencia bancaria ó seguinte número de conta de Abanca **ES42 2080 5140 9830 4002 5100**.

Deberanse abonar as facturas integramente para un cotexo e contabilización dos pagos máis doados.

Conceptos das transferencias:

O concepto que deberán reflexar ditas transferencias é o número de factura. Ex.: ARB-420, ARB-421, ARB-422.

No caso de realizar a transferencia dende unha conta na que o ordenante non sexa o club, no concepto deberán engadir o nome do club que fai a transferencia. Ex.: ARB-420, ARB-421 Bm. Porriño.

➤ Seguro deportivo

A Federación Galega de Balonmán en cumprimento do estipulado na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dispón dunha póliza de seguros que cumpre os requisitos esixidos no Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do Seguro Obrigatorio Deportivo.

Para a tramitación de todas as licenzas relacionadas coa práctica do balonmán un dos requisitos esenciais para xogadores/as, oficiais, árbitros e anotadores, é a solicitude do seguro deportivo obrigatorio.

Os prezos do seguro deportivo pódense consultar na Circular número 02 da tempada 20/21 (Área de Competicións) enviada a todo os clubs e publicada na páxina web da Federación.

Todos os clubs dende as súas áreas privadas do Squad, deberán solicitar o seguro para cada unha das licenzas de xogadores e oficiais que precisen tramitar.

No caso dos árbitros e anotadores, deberán proceder igualmente dende as súas respectivas áreas privadas.

Unha vez solicitado o seguro, o sistema emitirá unha factura, a cal poderán consultar e descargar na súa área privada ou no seu correo electrónico ó día seguinte da súa emisión. Recordámoslle que as facturas son automáticas e **emítense pasadas 24 horas**, dende a súa solicitude.

Prazo límite de pago:

O pago das mutualidades realizarase por transferencia, no momento de recibir a factura deberase abonar o **importe íntegro** da mesma. Non se validará ningún seguro sen recibir a transferencia correspondente.

Forma de pago:

Descargada a factura da área privada ou do correo electrónico, realizarase unha transferencia bancaria no número de conta de Abanca **ES14 2080 5140 9530 4002 4005**.

Os pagos teñen que corresponderse co importe íntegro da factura do seguro, **non se validarán seguros correspondentes a pagos parciais de facturas**.

Ex.: solicito seguro por 10 mutualidades e pago 5, estas mutualidades non se validarán ata que a factura este abonada ó 100%. **Tampouco se admitirán pagos por maior importe das facturas**. Ex.: pago 10 mutualidades e solicito o seguro por 4 xogadores.

O cumprimento destas premisas é moi importante para evitar confusións motivadas por saldos a favor de clubs, saldos negativos, controis externos á plataforma Isquad. Na tempada 19/20 a Federación foi flexible para facilitar o aprendizaxe da operativa da páxina web, pero debemos evitar duplicar o traballo tanto dos clubs como da Federación.

Serán admitidos os pagos conxuntos de facturas na mesma transferencia, sempre e cando, se abonen os importes íntegros de ambas facturas e se detallen no concepto.

Concepto da transferencia:

Para facilitar as labores administrativas de cotexo de documentación, debido ao elevado número de movementos bancarios da rutina diaria da Federación, o concepto que deberán reflexar en ditas transferencias é o número de factura. Ex.: MUT-125, MUT-22, MUT-3.

No caso de realizar a transferencia dende unha conta na que o ordenante non sexa o club, no concepto deberán engadir o nome do club que fai a transferencia. Ex.: MUT-420, MUT-421 Bm Porriño.

➤ Dereitos de Participación

Os dereitos de participación son cotas que teñen que abonar os clubs ao inscribirse en cada competición. O prezo correspondente a cada categoría pódese consultar no NOREBAGA e na Circular número 02 da tempada 20/21 (Área de Competicións) enviada a todo os clubs e publicada na páxina web da Federación.

Prazo límite de pago:

Segundo acordo da Asemblea o prazo límite de pago dos Dereitos de Participación finalizan o 10 de Decembro de cada ano. Esta tempada 20/21, motivada pola alerta sanitaria e a incerteza do inicio das competicións, farase unha excepción e notificaremos por e-mail a todos os clubs a maneira de proceder respecto a ditos dereitos de participación.

Forma de pago:

Os clubs realizarán unha transferencia bancaria polo importe íntegro da factura ó seguinte número de conta Abanca **ES14 2080 5140 9530 4002 4005**.

Concepto da transferencia:

O procedemento será o mesmo que no caso dos arbitrxes e seguros deportivos, indicando o número da factura. Ex.: DP-2, DP-34.

Igualmente, se a transferencia non se realiza dende unha conta do club, deberase indicar no concepto o nome do mesmo. Ex.: DP-4, DP-11 Club Balonmán Cañiza.

➤ Aprazamentos de partidos, sancións e recursos

Os gastos de aprazamentos de partidos, sancións e recursos do Comité de Competición están regulados no NOREBAGA e no Regulamento de Réxime Disciplinario da FGBM.

O Comité de Competición publica todas as semanas na páxina web da Federación, un Acta onde se recollen as sancións e apercibimentos correspondentes a cada xornada. Todo os clubs teñen a obriga de consualas periodicamente para poder exercer o seu dereito a recorrer e dar cumprimento as sancións publicadas.

Prazo límite de pago:

- Aprazamento de partidos: no mesmo momento de solicitar dito aprazamento.
- Sancións: se non se recorren deberán pagarse nos días seguintes á publicación da sanción no acta do Comité de Competición, o prazo máximo para evitar recargos será a publicación da seguinte acta. Se a sanción é recorrida, o pago efectuarase unha vez coñecida a resolución do Comité, aplicando o mesmo prazo que o citado anteriormente.
- Recursos: no momento de presentar o recurso.

Forma de pago:

Transferencia bancaria polo importe íntegro na conta de Abanca **ES14 2080 5140 9530 4002 4005**.

Concepto da transferencia:

- Aprazamento de partidos: débese sinalar o partido a aprazar, a categoría, a data e número da xornada. Ex.: Tui – Chapela, CM 18/10/20, xornada 3.
- Sancións: débese sinalar o número e punto da acta na que se publicou a sanción. Ex.: sanción Acta nº 5 punto 3.2, 08/10/19.
- Recursos: débese sinalar a sanción que se quere recorrer a través do número de acta e punto na que se publicou. Ex.: recurso Acta nº 3 punto 3.2, 24/09/20.

Para calquera dúbida poden contactar no seguinte correo electrónico:

d.xeral@fgbalonman.com



En Vigo a 11 de agosto de 2020